

Deseño de materiais e actividades para Moodle: eXeLearning



TEMA 1

Elaboración de contidos para a formación en liña

Duración do curso: 30 horas

Índice


Introdución.....	3
Obxectivos.....	3
A teleformación.....	4
Algunhas pautas xerais.....	4
A ter en conta.....	5
Estrutura organizativa de contidos.....	5
Nota!.....	8
Os recursos multimedia.....	8
Nota.....	9
Ferramentas multimedia.....	9
As actividades.....	10
Métodos de avaliación.....	10
Lembra que	11

Introdución

A elaboración de **contidos para a formación en liña** require que, partindo da nosa experiencia de elaboración de materiais docentes nas aulas, sexamos quen de trasladar este coñecemento pedagóxico á xeración de contidos educativos en formato dixital destinado a plataformas de teleformación.

Para isto, debemos aproximarnos a conceptos clave da presentación de contidos nestes formatos e a través destas plataformas, se ben poden ser empregados posteriormente estes recursos con diferentes finalidades.

Podemos, por exemplo, elaborar contidos para plataformas de teleformación como **Moodle** <https://moodle.org/?lang=gl> coa finalidade de impartir o coñecemento só a través deste medio (coas especificidades de titorización online que se requiren) ou que a finalidade sexa empregalos como recursos de apoio nas aulas. Non obstante, sexa cal for o modo no que imos empregar estes contidos, a súa elaboración precisa que prestemos atención á adaptación do coñecemento a este medio.



Neste curso imos centrarnos na elaboración de materiais educativos para integrar en **Moodle**, como plataforma de teleformación opensource de amplo desenvolvemento e uso na educación, apoiándonos nun editor de contidos didácticos tamén de código aberto como é o **eXeLearning**.

Neste primeiro tema aproximaremos nos a algunhas cuestións básicas da **elaboración de contidos educativos en dixital** para poder enfrontarnos a estas tarefas.

Obxectivos

Ao rematar este tema seremos capaces de:

- Aproximarnos ás **claves básicas** para enfrontarnos ás tarefas de elaboración de contidos educativos para a teleformación.

- Ver como podemos **elaborar contidos** para plataformas de teleformación como **Moodle**.
- Coñecer un **editor de contidos** didácticos de código aberto como é o **eXeLearning**.

A teleformación

Cómpre sinalar que o concepto de **teleformación** é relativamente recente e que está en permanente evolución polo que se denomina de diferentes maneiras como, por exemplo:

- [formación virtual](#)
- [formación online](#)
- [elearning ou apredizaxe en liña](#)

Todas estas nomenclaturas comparten unha característica común: **o de empregar a rede e un computador como medio de distribución de contidos educativos**.

Nos primeiros tempos do elearning ou a teleformación podemos sinalar que existía unha certa tendencia a **priorizar os aspectos técnicos das plataformas** deixando, ás veces, nun segundo plano a **calidade dos contidos**. Coa evolución do elearning os contidos comezaron a cobrar un maior protagonista e relevancia, aínda que, como é lóxico, os aspectos técnicos continúan a ter o seu papel clave no desenvolvemento da teleformación.

Algunhas pautas xerais

Á hora de enfrontarnos á tarefa de elaborar contidos educativos para a teleformación, ou en xeral para elaborar **contidos educativos en dixital**, temos que coñecer as posibilidades que ofrece a tecnoloxía que se vai empregar. É dicir, cómpre ter en conta que imos crear materiais educativos en dixital para o alumnado que se **integrarán en plataformas** de teleformación.

Polo tanto, temos que coñecer o **funcionamento da plataforma de teleformación** que imos empregar para crear contidos educativos destinados a esta plataforma de maneira axeitada.

Neste curso imos centrarnos na elaboración de materiais educativos para a plataforma de **teleformación Moodle**, centrándonos en contidos xerados en formatos estándares tipo **SCORM** a través de editores de contidos didácticos para formación online como **eXeLearning**. Veremos isto máis polo miúdo no seguinte tema.

A continuación veremos algunhas pautas xerais recomendadas para ter en conta á hora de elaborar estes materiais.

A ter en conta

Existen criterios ou **pautas xerais** que nos poden axudar a enfocar a nosa tarefa:

- Os **materiais didácticos en dixital** caracterízanse por ser hipertextuais, multimedia e interactivos.
- Estes materiais non mostran os contidos de maneira lineal, é dicir, presentan os contidos en fragmentos relacionados entre si, poden incluír elementos multimedia como **imaxe**, **vídeo** ou son e teñen un **carácter interactivo**, principalmente, nas actividades de carácter práctico ou nas avaliacións de coñecemento.

Existen diferenzas, polo tanto, coa elaboración de **materiais educativos para o seu uso presencial nas aulas**, aínda que loxicamente a experiencia pedagóxica en presencial supón unha vantaxe clara de partida.

Estrutura organizativa de contidos

1. Estrutura organizativa clara e ordenada de contidos, establecendo relacións entre os diferentes elementos formativos

Neste punto cómpre sinalar que a estruturación dun contido pode variar dependendo da súa extensión, metodoloxía, etc. Porén, a **estrutura** ten que ser **clara** para o alumnado e **coherente** ao longo de toda a acción formativa.

Podemos, por exemplo, organizar un curso en temas ou leccións no Moodle e editar cada tema nun SCORM (paquete de contido) independente. Na seguinte imaxe vemos un exemplo de curso organizado en leccións en Moodle cos diferentes paquetes de contidos formativos e coas seguintes características:

- **Presentación** dos contidos de forma **amena** e **sinxela**.
- **Ilustrar a aprendizaxe**, sempre que sexa posible, con exemplos prácticos.
- **Integrar actividades prácticas** con frecuencia para reforzar o aprendido.




Curso organizado en leccións en Moodle

2. A estruturación e o carácter modular dos contidos

Os contidos educativos deseñados para un contorno dixital en plataforma de teleformación posúen características propias como o **carácter modular** que fan que teñamos que prestar unha especial atención á súa estrutura. De maneira xeral os contidos educativos en dixital precisan ser **ordenados de maneira clara, organizándoos en módulos ou unidades didácticas** dependendo da súa extensión.

Mais cómpre afondar no carácter modular destes contidos xa que nos permite **reorganizalos e reempregalos** sempre que partamos de estruturas xerais correctamente sistematizadas. Por exemplo, se contamos con unidades didácticas ben definidas esas unidades de coñecemento poden ser reaproveitadas e inseridas noutros contidos formativos.

Na seguinte imaxe vemos un exemplo de **árbore de contidos** na plataforma de teleformación eFront. As árbores de contidos permítennos estruturar de maneira lóxica as diferentes pantallas creando categorías e subcategorías pertinentes para o seguimento da materia.



Árbore de contidos plataforma de teleformación

Neste tipo de materiais educativos é importante definir a unidade mínima de coñecemento que ten que responder a criterios de **brevidade** e **claridade** xa que son unidades para ser visualizadas a través dun dispositivo dixital nunha pantalla delimitada.

Na imaxe que presentamos a continuación vemos unha **pantalla de contido** cun tamaño delimitado para a súa correcta visualización. Debemos ter en conta que esta ordenación en pantallas ben estruturadas e de lectura áxil permiten avanzar con maior comodidade ao alumnado polos contidos, fronte a formatos de texto continuo de varias páxinas que non cumpren o papel organizador no deseño dun contido formativo en dixital para integrar en plataformas.

Que debemos saber do artigo determinado?

Estas son as formas do artigo determinado:

O compañeiro	A compañeira
Os compañeiros	As compañeiras

o	a
os	as

E que pasa coa segunda forma do artigo?

Ao lado do sistema *o/a, os/as* temos a segunda forma do artigo:
-lo, -la; -los, -las

Por exemplo: *Face-la segunda forma do artigo.*


Este é un dos puntos que normalmente xera máis dúbidas.

A segunda forma do artigo só a podemos empregar en determinados contextos.

Calquera dos **elementos** que compoñen unha pantalla de contido deben ter un comportamento sinxelo. É dicir cómpre **minimizar o número de accións** que os alumnos deben realizar para acceder a un elemento. Por isto, son tan importantes as árbores de contidos e o seu fácil manexo xa que o acceso e funcionamento dos elementos debe ser sempre evidente.

Para isto contamos con varias opcións: **navegar por unha estrutura en árbore e/ou presentar de maneira sinxela os botóns de avanzar e retroceder** polos diferentes elementos.

Na seguinte imaxe vemos un exemplo de contido en formato scorm integrado no Moodle e a súa visualización:



Nota!

O idóneo é deseñar pantallas cunha **boa calidade visual** de maneira que o alumnado teña **localizado o percorrido** de maneira sinxela e que non precise dunha formación previa para moverse polos contidos e interactuar con eles.

Os recursos multimedia

É importante que na formación online empreguemos **materiais multimedia** para apoiar a aprendizaxe do alumnado. Non obstante cómpre sinalar que estes elementos multimedia funcionan como marco de apoio na aprendizaxe e que **non poden**, por tanto, **relegar a un segundo plano os contidos principais** que se queren transmitir.

Grazas as novas tecnoloxías non podemos limitarnos a que o alumnado aprenda a base de ler texto e máis texto. Non podemos unicamente facilitar ao alumnado documentos en PDF, xa que isto provoca que ao alumnado lle custe máis asimilar todo o contido.

Se traballamos os contidos cunha estrutura adecuada e **apoiándonos nos recursos multimedia** que temos á nosa disposición podemos conseguir que o alumnado aprenda uns contidos determinados de forma amena e produtiva.

Os **recursos sobre os que se basean os sistemas multimedia** son principalmente:

- **Audio:** integrado por sons, música, efectos sonoros, etc.
- **Vídeo:** integrado por gráficos, imaxes, etc.

Nota

É importante ter en conta que os elementos multimedia deben ser **pertinentes** nos contidos.

Ferramentas multimedia

As **ferramentas multimedia** son un conxunto de elementos multimedia que utilizamos **conxunta e simultaneamente** para mostrar un contido. Polo tanto, chamamos **recursos multimedia educativos aos materiais multimedia que nos resultan de utilidade** para utilizalos dentro do ámbito educativo.

Estes recursos multimedia educativos poden ser:

- **Interactivos:** son aqueles recursos que nos permiten interactuar como bases de datos, editores de texto, presentacións multimedia, tutoriais, simuladores, webquest...
- **Non interactivos:** son recursos que non nos permiten establecer interacción, como pode ser un documento en formato PDF, fotografías, etc.

As actividades

Cando falamos de **incorporar actividades aos nosos contidos**, estamos considerando a posibilidade de integrar elementos que nos permitan **rexistrar as accións do alumando**, e a súa vez, controlar e verificar o seu progreso.

Para conseguir isto, temos que incorporar algún tipo de **actividade práctica** que nos permita **comprobar e medir** o proceso de aprendizaxe e competencias do alumnado.

As actividades a engadir nun modelo de formación, poden ser de varios tipos, dependendo de que o proceso formativo conte ou non co seguimento dunha persoa titora. Polo tanto podemos realizar varios tipos de actividades como as que veremos a continuación.

1. Actividades autoformativas: son aquelas que non requiren un seguimento da persoa titora, xa que o alumnado pode realizalas individualmente. A propia plataforma encárgase de **revisar, avaliar e presentar os resultados** do alumnado.

2. Actividades abertas de tipo individual: este tipo de actividades están pensadas en procesos de formación titorizados, nos que **no proceso de corrección e avaliación** lévase a cabo por parte dunha persoa titora.

Métodos de avaliación

Un dos aspectos fundamentais da formación en liña e da formación en xeral, é o **proceso de avaliación**, un procedemento que nos vai permitir comprobar se estamos cumprindo os obxectivos que se propuxeron na acción formativa.

Unha avaliación completa dun curso en liña pasa por ter en conta algunha destas cuestións:

- **Seguimento do alumnado:** normalmente as plataformas permiten obter datos sobre o acceso e percorrido do alumnado polo curso, saber que recursos utilizaron como chat ou foros, etc.
- **Realizar probas de avaliación:** podemos realizar estas probas con diferentes formatos de pregunta e resposta, como pode ser a selección múltiple con resposta única, selección múltiple con resposta múltiple, ordenar palabras, encher espazos baleiros, etc.

- **Test de avaliación:** serven ao alumnado para autoavaliarse ao longo do curso, normalmente é un dos elementos considerados como máis positivos por parte do alumnado.
- **Presentación de proxectos:** temos a posibilidade de que o alumnado presente proxectos enviando ficheiros á plataforma e de crear grupos de traballo entre o alumnado no que fomentaremos o traballo en grupo.

Lembra que ...

Debemos realizar unha **avaliación final do curso que** debe cumprimentar o alumnado e que nos vai permitir utilizar os recursos necesarios para cada persoa en particular, coñecer os erros e acertos do curso, permitir un maior axuste das necesidades formativas e polo tanto, realizar cursos en liña de maior calidade.